

**CONCLUSIÓNS do equipo
autor deste informe**

CAPÍTULO 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2016/2017

Primeira. En 2017 Galicia acadou un crecemento económico do PIB igual que a media estatal (3,1%). No que atinxe ao PIB por habitante, con 22.497 euros, alcanzou o 90% da media estatal, o máximo na historia da autonomía. Este resultado explícase pola combinación dunha dinámica do PIB moi semellante en ambas as dúas economías dende o ano 2000 e unha dinámica poboacional claramente máis expansiva no resto de España nese mesmo período. En 2016 o PIB por habitante en Galicia supuxo o 89,1% da media estatal, comprobándose unha lixeira converxencia da nosa Comunidade Autónoma. Asemade, a avaliación da dinámica do PIB por habitante en Galicia en relación a media da UE recolle unha converxencia, tras o período de crisis económica, situándose en 2016 no 81,8%.

Segunda. Segundo os datos que se tiveron en conta para a elaboración deste informe, a provincia da Coruña xerou un 43,4% do PIB galego e a de Pontevedra un 33,1%. Conxuntamente, as de Lugo (12,6%) e Ourense (11,0%) representan menos da cuarta parte do PIB en Galicia.

Terceira. A produtividade aparente do traballo subiu notablemente dende o final da última crise económica. Pásase do 92,8% respecto da media española en 2012 ao 98,4% en 2017. Por sectores, as produtividades aparentes do traballo en Galicia están por baixo das medias estatais na industria, construción e servizos, mentres que xa está por riba no sector agro-pesqueiro.

Cuarta. En 2017 un 23,7% dos fogares galegos non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (13,6 puntos porcentuais menos ca media estatal). Un 6,0% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (9,3 puntos porcentuais por baixo da media española). Finalmente, os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia están en 2017 un 2,9% por baixo da media española.

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL POLÍTICA INDUSTRIAL

Primeira. Galicia é sé do 6% das empresas con residencia en España, e o 3,48% das novas empresas inscritas no bienio 2016-2017. A comunidade galega ocupa o quinto lugar na súa achega á cifra de negocios do sector comercial, o sétimo no sector industrial e o oitavo no volume do sector servizos. Este sector, precisamente, adopta un rol motor en Galicia, sendo o único que incrementa a súa participación porcentual sobre o global de empresas galegas. A provincia de Pontevedra é a que amosa un maior dinamismo, cun incremento relativo do número de empresas superior á media do conxunto do Estado, e unha taxa de crecemento anual de empresas inscritas superior á media galega e estatal. En segundo lugar estaría A Coruña, pechando Lugo e Ourense a clasificación. Dende 1995 ata a actualidade, case 3 de cada 4 empresas está na Coruña ou Pontevedra.

Segunda. Máis do 55% das empresas inscritas en Galicia constitúense como persoa física. Entre as sociedades inscritas como persoa xurídica, destacan as de responsabilidade limitada, cun peso próximo ao 33%. Este patrón coincide nas catro provincias galegas, sendo a provincia da Coruña quen lidera o número de sociedades anónimas. Esta provincia, xunto con Pontevedra, aporta máis do 80% de sociedades anónimas da Comunidade galega dende 2009. O capital medio da subscrición en Galicia é superior ao importe medio no conxunto do Estado, mentres que o capital medio das ampliacións de capital é inferior.

Terceira. As empresas galegas caracterízanse pola súa reducida dimensión. Máis do 83% teñen menos de dúas persoas traballando por conta allea. A práctica totalidade do tecido empresarial galego (o 99,89% equivalente a 198.706 unidades produtivas) está constituído por pemes e micropemes.

Cuarta. Os debedores concursados en Galicia diminúen de forma sostida dende 2013. A maioría de debedores sometidos a concurso de acredores en Galicia veñen sendo voluntarios e de carácter abreviado e correspóndense con sociedades de responsabilidade limitada na súa maioría no sector servizos, con menos de 10 persoas traballando e facturación inferior a dous millóns de euros anuais.

Quinta. Galicia dedica menos do 1% do seu PIB a I+D, que representa un 3,8% do gasto estatal. Esta cantidade é inferior á que lle correspondería en proporción a súa participación no PIB (5,2%) e no número de empresas españolas (6,1%) e queda lonxe do obxectivo fixado no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (1,7% do PIB). Igualmente, o número de persoas implicadas nestas actividades (4,5%) é inferior á participación que lle correspondería pola representatividade na poboación activa

(5,5%). Non obstante, Galicia atópase entre as comunidades autónomas que rexistran unha maior taxa de variación neste capítulo no pasado ano. O sector empresarial é o que acada máis fondos, o que reforza a súa posición como destino preferente dende 2014.

CAPÍTULO 3. ECONOMÍA SOCIAL

Primeira. O número total de cooperativas inscritas na Seguridade Social en Galicia tivo unha diminución continuada nos tres últimos anos, diminución que, en 2017 respecto de 2015, foi do 4,7%, similar á do número de persoas empregadas nelas que, neste caso, foi do 3,4%. A provincia da Coruña segue a ser a que conta con máis cooperativas, igualada coa provincia de Pontevedra no número de persoas traballadoras, practicamente o mesmo.

Segunda. Tamén diminuíu nos tres últimos anos o número total de sociedades laborais inscritas na Seguridade Social en Galicia, nunha tendencia uniforme en todas as provincias. A diminución en 2017 respecto de 2015 foi do 10,8%, se ben o número de persoas traballadoras permaneceu estable.

CAPÍTULO 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABAJO

Primeira. A 1 de xaneiro de 2017, as provincias da Coruña e Pontevedra seguen a concentrar mais de dous millóns de habitantes, un 76,2% da poboación total. O devalar demográfico en Galicia vai cobrando máis intensidade cada ano, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo.

Segunda. A taxa de natalidade en Galicia en 2016 foi de 7 por 1.000 habitantes, moi por baixo da media estatal (8,8 por 1.000 habitantes). Galicia é a terceira comunidade autónoma con menor taxa de natalidade; por tras de Asturias e Castela e León. Por outra banda, a taxa de crecemento vexetativo de Galicia en 2016 (-4,7 por 1.000 habitantes) contrasta co crecemento cero de España o da Unión Europea.

Terceira. A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2017 totalizou 1.237.900 persoas, 16.000 menos que no ano anterior. A participación de Galicia na poboación activa en España en 2017 é de 5,4%, estabilizándose nesta cifra. A taxa de actividade en Galicia foi do 72,9% en 2017, 2,2 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal.

Cuarta. Galicia pechou 2017 con 1.055.800 persoas ocupadas, tras a creación de emprego neto de 6.200 postos de traballo no último ano. Non obstante, a suba porcentual da poboación ocupada en Galicia en 2017 (0,6%) foi notablemente inferior á do conxunto do Estado (2,6%). A taxa de ocupación subiu en 2017 respecto ao ano anterior en 0,81 puntos porcentuais, mentres que o aumento foi de 1,52 puntos porcentuais na media do Estado.

Quinta. A taxa de temporalidade foi en 2017 en Galicia dun 26,9%, sete decimas máis que en 2016. Xa que logo, a taxa de contratación indefinida foi do 73,1%. O 10,1% dos contratos temporais en Galicia son dunha duración inferior a un mes, o 28,9% están entre 1 e 3 meses e o 37,4% son de 4 a 6 meses. O 76,4% dos contratos temporais en Galicia ten unha duración inferior a medio ano. A taxa de temporalidade no sector público en Galicia en 2017 foi do 24,0%, lixeiramente por riba da media estatal (23,7%). Ademais, compróbase unha suba da taxa de temporalidade do sector público en Galicia respecto de 2016 (22,3%).

CAPÍTULO 5. MULLER E MERCADO LABORAL

Primeira. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (47,73% en 2016 e 47,68% en 2017), unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (62%) e un menor concerto de contratos indefinidos, chegando en 2016 ao 47,8% e en 2017 a 46%.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como a de interinidade (71%) e os contratos para a formación. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Segunda. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 22% inferior ao do home e o 36% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 85,7% das prestacións recibidas polos homes, un 14,3% menos. De igual forma as pensionistas galegas só percibiron como media o 71,2% das pensións do grupo de homes.

Terceira. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 77% dos casos. Porcentaxes aínda máis altas danse nas excedencias por coidado de dependentes (91,6% de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e persoas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 96% en 2016 e o 95,2% en 2017 son mulleres.

CAPÍTULO 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

Primeira. No bienio 2016/2017 en Galicia medra en 415 o número de empresas con persoas traballadoras asalariadas. Fronte a isto, diminúe o número de persoas autónomas sen asalariadas en case tres mil. A pesar deste descenso, este número segue a ser maior na realidade empresarial galega. No que atinxe á titularidade, segue a medrar o número de empresas baixo a forma de persoa xurídica e a diminuír lixeiramente as empresas persoa física. Estas últimas empregan oito veces menos persoas traballadoras que as primeiras.

Segunda. Seguindo a tendencia iniciada en 2014, continúa en 2016/2017 o incremento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social. Pese a iso, analizando a evolución dende 2005, existen entre unha e outra data 20.400 persoas cotizantes menos. A poboación afiliada galega situase maioritariamente no sector servizos co 71,14% do total, catro puntos menos que a media do Estado. En 2017 increméntase a contratación de persoas traballadoras estranxeiras, maioritariamente baixo formas de contratación temporal.

Do total de persoas afiliadas en Galicia, o 72,51% corresponden ao réxime xeral e o 21,94% a o RETA. Por provincias, o 42,86% das persoas afiliadas o están na provincia da Coruña, o 12,66% en Lugo, o 10,33% en Ourense e o 34,54% en Pontevedra.

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

Primeira. Tras varios anos cunha redución no número de contratos, en 2015 aumentan as contratacións alcanzando os 878.053 contratos rexistrados en Galicia, e segue a tendencia en 2016 con 915.618 e en 2017 con 987.580. En 2016 e 2017, a modalidade de contrato eventual segue a ser a máis utilizada (45,66% e 50,52% dos contratos iniciais, respectivamente). En segundo lugar encóntrase o contrato de obra ou servizo determinado (32,15% e 33,18% dos contratos iniciais). Este tipo de contrato sumado ao anterior alcanzou un 77,81% e 83,7% da contratación de 2016 e 2017. Os contratos indefinidos ordinarios (bonificados e non bonificados) seguen a ter unha moi baixa representación porcentual cun 4,73% (4,37% en 2016) da contratación inicial.

Segunda. A rotación das persoas asalariadas galegas (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada asalariado temporal) alcanzou os 3,71 contratos no caso das mulleres e os 4,74 nos homes en 2017 incrementando ao ano anterior. A media en España foi de 4,06 no grupo de mulleres e de 5,14 no de homes. Mantense unha elevada porcentaxe de asalariados temporais, especialmente no colectivo feminino, e aumentan as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2017 e 2016.

CAPÍTULO 8. O SUBSISTEMA DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

Primeira. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou unha redución de todos os seus indicadores nos anos 2016 e 2017: número de empresas formadoras, ratio de cobertura de empresas, crédito asignado para accións formativas, crédito disposto respecto do asignado, bonificación aplicada na Seguridade Social. Destaca a redución do número de horas de formación que chegou ao 36% se tomamos como referencia os anos 2015 e 2017.

A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia concéntranse maioritariamente no sector servizos, que chega ao 66% en Galicia.

Segunda. Durante o bienio 2016-2017 non se publicaron convocatorias para oferta de persoas ocupadas.

CAPÍTULO 9. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Primeira. O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2017, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 977, dos cales 124 son de sector e 853 de empresa. Neste ano asináronse por primeira vez 34 convenios (2 de sector e 32 de empresa), tres máis que en 2016 (todos de empresa).

Segunda. En 2017 o incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en Galicia foi do 1,57%, media superior ao IPC galego (1,2%) e ao estatal (1,1%). Porén, en 2016, o incremento foi do 0,97%, inferior ao IPC galego e ao estatal (1,6%).

En 2017, só o 23,74% dos convenios asinados e o 14,29% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial fronte ao 13,91% dos convenios asinados e o 18,75% dos revisados en 2016. Recollen pactos de ultraactividade o 82,01% dos asinados en 2017 (90,91% nos de sector e 80,34% nos de empresa) e o 75,65% dos asinados en 2016 (100% nos de sector e 72 % nos de empresa).

A xornada media pactada no ano 2017 foi de 1.770,18 horas, superior á do 2016, que foi de 1.737,88 horas e máis reducida nos convenios de empresa que nos de sector. O 56,83% dos convenios colectivos asinados en 2017 (13 convenios de sector e 66 de empresa) establecen unha xornada anual inferior á máxima legal, que é do 67,83% en 2016 (12 de sector e 66 de empresa).

Terceira. En 2017 rexistráronse en Galicia 67 inaplicacións de convenio (62 en 2016), que afectan a 953 persoas traballadoras, das que 532 son homes e 421 mulleres. As condicións de traballo que se inaplican refírense maioritariamente á contía salarial e, dentro destas, é a redución do salario a que máis se produce (88,06%). Ao non existir representación legal das persoas traballadoras, a composición da comisión negociadora no 80,60% das inaplicacións rexistradas (74,19% en 2016) correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 19,40% está constituída pola representación legal das persoas traballadoras (24,19% en 2016) En ningún caso acudiron á mediación do AGA (só nun caso en 2016) nin á decisión do órgano tripartito.

O 58,21% das inaplicacións rexistradas en 2017 teñen lugar en empresas que teñen entre 6 e 30 persoas traballadoras, mentres que en 2016 a porcentaxe máis alta (o 48,39%) é en empresas que teñen entre 1 e 5.

CAPÍTULO 10. A SINISTRALIDADE LABORAL

Primeira. En 2017, o número de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia medrou un 9,0% respecto do ano anterior, se ben isto foi compatible coa redución do número de accidentes de traballo graves e mortais, redución que foi do 13,4% no caso dos accidentes graves e do 25,9% no caso dos mortais. O total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (27.730) supuxo un 5,4% respecto do total estatal, sendo os mortais (43) un 8,7% dos producidos no conxunto do Estado.

Segunda. A nosa comunidade autónoma encadeou catro anos seguidos (entre 2013 e 2016) en que o seu índice de incidencia tivo un mellor comportamento en relación cos das demais comunidades autónomas, se ben 2017 volveu ser un mal ano neste parámetro que analizamos. No sector agrario, tanto en 2016 como en 2017, Galicia ocupa a décimo quinta posición no índice de incidencia; no sector industrial, Galicia empeora a súa posición relativa, pasando do quinto posto de 2016 ao segundo (tan só por detrás de Baleares) en 2017; na construción tamén empeora esa posición relativa, pasando do décimo sexto lugar, en 2016, ao décimo, en 2017; o mesmo que ocorreu nos servizos, en que Galicia pasou de ocupar o décimo sétimo lugar, en 2016, ao noveno, en 2017.

CAPÍTULO 11. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABAJO

Primeira. En 2016 realizáronse 43 folgas (37 provinciais e 6 autonómicas), mentres que no ano 2017 medra o número ata chegar a 63 (7 autonómicas e 56 provinciais). Se en 2016 só se realizaron 2 folgas sectoriais, en 2017 subiron ata 9.

Segunda. No que atinxe á xestión do AGA, en 2016 iniciáronse 91 expedientes, que afectaron a 1.015 empresas e 56.333 persoas traballadoras. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano foi do 89,29%. En 2017 iniciáronse 86 expedientes, que afectaron a 2.403 empresas e 41.138 persoas traballadoras. A efectividade acadada ao longo do ano foi do 74%. O 80% dos procedementos tramitados nese ano foron mediacións que afectaron a 2.419 empresas e 30.349 persoas traballadoras e o 20% foron arbitraxes, que afectaron a 10 empresas e 9.586 persoas traballadoras.

CAPÍTULO 12. A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

Primeira. Os expedientes nas catro provincias galegas nos anos 2016 e 2017, tanto en expedientes pactados, coma non pactados ou sen período de consultas, diminuíron en número, chegando case a un 62% menos.

O número de persoas afectadas tamén se reduciu, concentrándose no sector de industria, seguido do sector servizos e na medida de “suspensión de contratos”. Os despedimentos experimentaron un descenso do 7,7% en 2016 e do 55,4% en 2017.

A redución no grupo de mulleres alcanzou o -40,84% e o -59,68% no caso dos homes.

A maior redución interanual encontrámola no sector da construción e concretamente nas “suspensións de contratos” (-74,28%).

Segunda. O número de expedientes, de empresas afectadas e de persoas beneficiarias das resolucións do FOGASA reducíronse de forma significativa, tanto no conxunto do Estado, como en Galicia, e tanto en 2016 como en 2017. A provincia galega máis afectada por esta diminución foi Pontevedra.

CAPÍTULO 13. PROTECCIÓN SOCIAL

Primeira. Galicia é unha das comunidades autónomas con maior porcentaxe de pensionistas (7,9% en 2017) unha ratio moi superior ao que representa a poboación galega no total do Estado (5,8%). En relación á contía percibida, a pensión media na nosa comunidade autónoma entre 2010 e 2017 incrementouse en 126,7 euros, fronte a 141,4 euros na media do Estado.

Segunda. En 2017, en Galicia computáronse 471.500 pensións de xubilación, 2.900 máis que en 2016. Esta cifra representa o 8,1% das 5.826.100 existentes en España. A media en 2017 das pensións galegas de xubilación situouse en 884,9 euros mensuais, subindo 18,7 euros con respecto a 2016. A media estatal incrementábase, en 2017, en 20,8 euros, situándose en 1.063,5 euros, isto é, 178,4 euros por riba da cifra para Galicia. As provincias de Lugo e Ourense, debido ao importante número de pensións de xubilación do sistema especial agrario, recollen as maiores diferenzas con respecto a media estatal, 290,1 euros e 329,9 respectivamente.

Terceira. As 92.752 persoas beneficiarias das prestacións de desemprego en Galicia supoñen, en decembro de 2017, o 4,8% do total español. O 53,4% perciben unha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción) e o 43,9% unha prestación contributiva. En 2017 a taxa de cobertura das prestacións por desemprego en Galicia foi do 51,8%, unha cifra inferior ao 56% da media estatal.

Cuarta. Galicia foi en 2016 a quinta comunidade autónoma con maior número de pensións non contributivas, despois de Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Canarias. Os 40.098 perceptores de pensións non contributivas en 2016 representan o 8,9% do total estatal, moi por riba de comunidades autónomas con moito maior número de habitantes que Galicia.

CAPITULO 14. ELECCIÓN SINDICAIS

Única. Os procesos de eleccións sindicais celebrados en Galicia entre 2013 e 2016 e 2014 e 2017 reflicten que a central sindical UGT- Galicia, cun resultado nos dous períodos do 28,2% do total de representantes elixidos, é a que obtivo maior número de representantes, seguida da CIG, co 27,9% no primeiro período e o 28,1% no segundo, e do S.N. de CC OO de Galicia, co 25,6% no primeiro e o 25,1% no segundo dos períodos. O resto de comparecentes obtiveron un resultado global de algo máis do 18% en cada un dos dous períodos.